

ARQUITECTURA REXIONALISTA GALEGA. ANTONIO PALACIOS, MANUEL GÓMEZ ROMÁN & OUTROS ARQUITECTOS

Xosé Ramón Iglesias Veiga, Engaiolarte, Vigo, 2018. 328 páxs.
ISBN 978-84-949007-1-6

Esta recente publicación é resultado da dilatada traxectoria investigadora de Xosé Ramón Iglesias Veiga. En efecto, a arquitectura rexionalista galega entre os anos vinte e corenta é a temática da súa tese de doutoramento, *La tendencia rexionalista en la arquitectura gallega de las primeras décadas del siglo XX*, defendida na UNED en 2010. O título advirtenos unha primeira cuestión a ter en conta: a relevancia de dúas das máis importantes figuras da arquitectura galega da primeira metade do pasado século, é dicir, Antonio Palacios e Manuel Gómez Román. Son xa que logo os que máis obra teñen adscrita ás dinámicas estilísticas deste rexionalismo e son, ademais, e na liña que se vén comentando, dúas referencias fundamentais na produción académica do autor que nos atinxe. Arredor das últimas décadas, Iglesias Veiga ten contribuído ao coñecemento historiográfico e posta ao día de ambos os dous arquitectos a través de numerosas publicacións, catálogos de exposicións, actas de congreso ou artigos en revistas especializadas. Por citarmos algúns deses títulos, salientan *Manuel Gómez Román: mestre da arquitectura galeguista* (Xerais, 1995), en colaboración con Xaime Garrido; *Antonio Palacios, arquitecto: de O Porriño a Galicia* (Deputación de Pontevedra, 1993), *Antonio Palacios: a pedra, o país, a arte, o urbanismo, a renovada tradición, o oficio de arquitecto* (Ir Indo, 1995); ou nas obras colectivas *Antonio Palacios, constructor de Madrid* (La Librería, 2001) e *Manuel Gómez Román* (Deputación de Pontevedra, 2005).

O autor indícanos ao comezo que o interese pola arquitectura rexionalista, como paradigma arquitectónico que se pode rastrexar noutras zonas do estado e a nivel internacional, foi medrando nas últimas décadas logo dun período de descrédito condicionado polo ideal moderno. Dous autores de sona para a historiografía estatal

como Pedro Navascués Palacios ou Villar Movellán contribuíron a esta redescuberta. O caso galego vén dado polo desenvolvemento da estrutura cultural adscrita á Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos, as Irmandades da Fala e outras institucións do eido galeguista e nacionalista. Será neste ambiente onde se comece a revalorizar o patrimonio artístico galego, abrangendo non só a arquitectura, senón o conxunto das artes plásticas. A conxunción dunhas inercias sociais tradicionalistas, o baixo nivel de urbanización e industrialización, xunto coa elevada taxa de poboación rural, e mais un discurso intelectual que xera unha pulsión entre a necesidade dunha definición identitaria e a adaptación ao mundo moderno serán os ingredientes desta arquitectura rexionalista que Iglesias Veiga define e enmarca a través dunha serie de fitos históricos —salientando a Exposición Iberoamericana de Sevilla de 1929—, divulgación editorial e en prensa e todo tipo de achegas teóricas e ideolóxicas desta xeración.

A construción historiográfica presta moita atención ao discurso xerado na época ao tempo que se atende ás poéticas persoais dos diferentes arquitectos. En efecto, como se vén dicindo, a operatividade discursiva que ofrecen Manuel Gómez Román e Antonio Palacios non se debe só ao volume de obra de ambos os dous arquitectos, senón por representaren dúas poéticas, dous paradigmas de traxectoria que permite sacar conclusións de interese sobre a situación da arte e a cultura galegas da primeira metade do século XX. É relevante a estruturación por obras, amosándose a pluralidade de espazos, tipoloxías e solucións achegadas por ambos os dous arquitectos.

Aínda que tiveron discrepancias —lémbrense as polémicas arredor do proxecto urbanístico de Palacios para Vigo—, certos proxectos ou ideas

urbanas de Gómez Román e Palacios partillan a vontade de crear espazos urbanos que recendan galeguidade, unha galeguidade moi compostelá. E non só nos proxectos presentados e nunca realizados, senón na amplísima colección de debuxos e ideas de ambos os dous arquitectos.

Ora ben, mentres que a énfase de Antonio Palacios se atopa no uso da pedra, no estudo tipolóxico-formal e nos simbolismos adscritos, o rexionalismo de Gómez Román é máis militante, máis cinguido á potencia ideolóxica que o barroco compostelán e mais o románico tiñan para os intelectuais da época. Palacios, se ben non tiña esa relación política tan clara como Gómez Román, quen chegou a ser secretario do Partido Galeguista, partillaba con Gómez Román o seu interese polo patrimonio galego, especialmente a súa arquitectura popular e aos rexistros da arquitectura medieval, ademais de ter simpatías e contactos con galeguistas como Valentín Paz Andrade. Este foi, xunto con José, irmán do arquitecto, quen máis acompañou Antonio Palacios nas súas viaxes e excursións por Galicia. Neste senso, vénse de publicar, editado por Xosé Ramón Paz Antón e con textos tamén de Xosé Ramón Iglesias Veiga, *Antonio Palacios: unha viaxe por Galicia* (Engaiolarte, 2019), unha proposta editorial que, por formato e contido, é un complemento perfecto ao libro en cuestión. Esta publicación saca á luz decenas de debuxos inéditos do arquitecto porriñés, podendo comprender mellor o interese que tiña polo estudo do patrimonio galego e as implicacións que poden rastrexar na súa obra.

Un novo capítulo dá conta das achegas doutros arquitectos á arquitectura rexionalista, sendo unha recompilación que nos volve falar da pluralidade de espazos e tipoloxías onde se manifesta este estilo, así como o interese de certos clientes e arquitectos nel. Arquitectos que, por exemplo, se movían noutros eidos como o eclecticismo, máis ou menos académico, ou abrazaban un racionalismo e un *art déco* contidos nos anos vinte e trinta. Isto sería o que acontece con sobranceiros creadores como Rafael González Villar e Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón, así como Jenaro de la Fuente Álvarez, cuxo proxecto máis salientábel para o estudo da arquitectura rexionalista é o da ordenación do Campus Sur compostelán, coas residencias de estudantes como centro neuráxico

desta nova zona da cidade. Tamén son de interese, polo amplo repertorio de edificios e a súa forte implantación no crecemento urbano de Vigo nos anos corenta e cincuenta, as supervivencias historicistas que Antonio Cominges ofrece na súa obra.

As achegas de Luis Gutiérrez Soto e Joaquín Vaquero Palacios son interesantísimos polo xeito de filtraren o seu rexionalismo dende a perspectiva dun foráneo ou de alguén quen non residiu en Galicia. Un madrileño que viaxou por Galicia con Isaac Fraga —Gutiérrez Soto— realiza no Cinema Fraga unha mostra de adaptación de volumes e desenvolve un repertorio formal con reminiscencias compostelás. Pola banda do asturiano Vaquero Palacios, a simpatía e interese que lle suscitaron o granito e mais as formas do románico galegos deron como resultado máis celebrado o Mercado de Abastos compostelán, un exercicio de expresividade pétreo ao tempo que de depuración formal e volumétrica.

Esta escolma remata con arquitectos que asimilaban as linguaxes racionalistas nos anos trinta e para os que o rexionalismo foi un xeito de conseguir vender proxectos nos primeiros anos do franquismo: Francisco Castro Repesas e Pedro Alonso Pérez ou Arturo Román Conde en Vigo, así como as continuacións neobarrocas de José María Banet Díaz Varela en Compostela. E volviendo á cuestión tipolóxica, Iglesias Veiga, así, remata o seu estudo cunha recompilación de estacións de ferrocarril da liña Zamora-A Coruña nesta linguaxe, confirmándose que non só responde ás poéticas dun arquitecto, senón que se impoñen sobre outras dinámicas. Todo isto indica e deglute un amplo volume de edificios, especialmente urbanos, que marcou a historia da arquitectura galega nestas décadas.

En resumidas contas, esta amplitude de puntos de vista —tipoloxías, clientes, implicacións políticas e culturais— transcende a posible concepción simplista dun estilo arquitectónico que, en certas ocasións, foi acusado de incorrer en excesos formais. Ademais, a amplitude de fontes —contraste bibliográfico, de hemeroteca, arquivísticas, teóricas— proveen unha base historiográfica amplísima, ao tempo que o texto pode chegar a un público menos especializado. *Arquitectura rexionalista galega...* atende á per-

fección as contradicións e a complexidade existente nas manifestacións desta arquitectura e os seus arquitectos principais, nun texto ameno e completo. Así mesmo, supón un novo capítulo na divulgación da arquitectura rexionalista galega de comezos do XX, amalgamando e sintetizando

a produción académica de Xosé Ramón Iglesias Veiga e constituíndo unha concisa, introdutoria e rigorosa lectura a esta arquitectura que foi durante moito tempo considerada «maldita».

Santiago Rodríguez Caramés
Universidade de Santiago de Compostela